

e-INFOFORTEC, S.L.



“Teño que facer entender ao meu cliente que unha páxina web é un investimento rendíbel que se traducirá en beneficio económico”

Ana Sampayo Gulín

Datos básicos

Actividade:	Venta de páxinas web e aplicacións e plataforma de ensino multilingüe on-line
Sector de actividade	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
Nº empregados	4
Inversión inicial	3.300 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios
Web:	www.einfortec.com
Municipio:	San Ciprián de Viñas, Ourense
Ano creación:	2002

Descrición do proxecto

Trátase dunha plataforma de ensino multilingüe on-line. Este proxecto vaise desenvolvendo no tempo e pretendemos comezar a traballar con esta ferramenta no ano 2005, ou polo menos atopar colaboración tecnolóxica para o desenvolver e levalo á práctica.

De momento, polo lado da tesourería, dedicámonos a vender páxinas web e aplicacións.



Datos empresa

Claves do éxito


- O esforzo.
- A continuidade.
- A perseveranza.
- Saber fidelizar ao meu cliente. Que non se decante polo meu servizo por prezo senón pola seriedade da empresa e a calidade no traballo que realizamos.

Situación actual

Na actualidade, superamos a fase de inicio real e lanzamento da actividade. Xa comezamos a ter unha carteira de clientes, non moi amplía pero en cambio moi fiábel. O noso obxectivo a curto prazo é seguir captando proxectos e desenvolver a plataforma de ensino.

Perfil cliente

O meu cliente responde ao perfil dun empresario de mediana idade que cre nas novas tecnoloxías e nas melloras da competitividade do mercado. Ofrezco un produto de prezo elevado, por iso oriéntome cara unha categoría moi determinada de cliente, que valora a calidade e non ten unha restricción orzamentaría ríxida. O meu cliente comprende que se trata dun investimento rendíbel, unha páxina web é unha poderosa ferramenta de promoción que se traducirá en beneficio económico.



Idea inicial

A idea xurdíume porque estiven sen traballar durante 6 meses por motivo de enfermidade. Chamáronme para facer un curso de informática do plano FIP e volvíñ a retomar o tema. Gustábame e parecíame sumamente interesante, pero nunca tivera a oportunidade de enfocalo desta maneira e aproveitar un momento en que se abría unha oportunidade no mercado.

Desde o punto de vista da miña carreira profesional, apeteciame desenvolver un proxecto no que me puidese promocionar profesionalmente, o cal é complicado cando se traballa por conta allea.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio tívenme que afrontar a problemas de tesourería, falta de liquidez para afrontar os primeiros pagos .

En canto ás ameazas futuras, creo que unha empresa, ademais de vender, ten que desenvolver unha boa xestión interna, financiarse, manter ao día os asuntos legais, xestionar as vendas e os aspectos comerciais, fiscais, contables,... Por suposto, sempre haberá recesións cíclicas contra as que resulta imposible loitar, pero se poden prever as malas rachas e esmerarse na xestión da empresa.

Perfil promotores

Ana Sampayo é técnico especialista en comercio e xestión empresarial. Traballou en diferentes sectores, sobre todo en actividades relacionadas coa exportación.

A empresa conta con outro socio máis.

Aos trinta e catro anos deciden crear a súa propia empresa.

Aptitudes necesarias

- Forza de carácter.
- Versatilidade, capacidade de adaptación a calquera circunstancia.
- Psicoloxía; tratar de ofrecer á xente o que realmente quere pero non caer nunca no engano.



Guía de Actividad

Formación On-Line (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dirixir persoas e organizacións
O reto que supón**

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

O Seminario de Planificación Empresarial do IGAPE.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, sobre todo para coñecer as trabas coas que te vas atopar: os cambios legais, os asuntos fiscais, etc.

Hai que estar moi ben asesorado e a formación axuda a achegarte á realidade.

Anecdotalario

Non dispoñible

